



## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE BEARIZ PARA A MELLORA DO CONTORNO DA CASA DO CONCELLO EN BEARIZ.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

#### 1.- ANTECEDENTES.-

A colaboración entre este departamento e o concello de Beariz enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo.

O concello de Beariz solicita deste departamento axuda para executar as obras de “**Mellora do contorno da casa do concello en Beariz**”, no núcleo urbano.

Basicamente, tratase de actuar na mellora dos pavimentos e na renovación da canalización de saneamento de pluviais na zona da contorna da casa do concello, así como prever o soterramento e canalización das instalacións de telefonía e subministro eléctrico. No espazo público no que se pretende a actuación tense tamén en conta a necesidade de adaptarse á normativa de accesibilidade, con recorridos accesibles.

A pavimentación, en xeral, realizarase mediante lousa de granito de diversas dimensións segundo a zona. Tamén se prevé unha rigola central de granito para a recollida das augas pluviais.

Empregaranse lousas de granito para resaltar algunhas zonas e romper a continuidade do pavimento de lousa sinalando as diferentes áreas que engloba a actuación.

O ámbito no que se pretende actuar acada unha superficie de 1.709 m<sup>2</sup> de solo público aproximadamente. Deste xeito, mellóranse no núcleo de Beariz os itinerarios tanto peonís como rodados. Preténdese tamén unha mellora nos espazos de relación, potenciando a humanización dos mesmos, facendo diferenza nestes para ambos tráfico, realizarase así mesmo a dotación dunha zona verde para uso e goce dos veciños.

A obra consiste basicamente en ampliar o ancho da vía principal permitindo que poidan coincidir dous vehículos no mesmo punto e en diferente sentido de circulación, sen menoscabo do sentido peonil do conxunto, de xeito que o condutor do vehículo perciba que atravesa unha zona na que o peón ten preferencia.

#### Descrición das actuacións a realizar:

- Demolicións.
- Pavimento.
- Obras de cantería.
- Canalización eléctrica.
- Traballos varios.

Procederase, previamente, á demolição do pavimento existente, delimitando a zona de actuación con cortadora de firme e transporte do material de escombros a vertedoiro.





Posteriormente acometerase a escavación en gabia para a colocación de tubaxe e arquetas necesarias para a futura instalación de alumado público.

Continuarase a obra coa preparación da subbase , de zahorra e 20 cm. de espesor, para recibir un pavimento de formigón impreso de 15 cm. de espesor, armado mediante malla de aceiro electrosoldada. Delimitarase a zona pavimentada nos seus laterais e centro mediante a colocación dun borde de granito de 8 cm. de espesor colocado sobre formigón en masa HM-20.

Adecuaranse os accesos ás vivendas con solucións similares ás existentes. O mesmo sistema empregarase para acceso ao garaxes que o requiran.

Inclúese tamén a demolición dun muro de bloque de formigón para levantar no seu lugar un muro de prepiño de 90 cm. de altura.

Como remate da obra procederase ao recrecido de pozos, reixas e arquetas existentes ata a cota do novo pavimento.

## **2.- RAZÓNS DE OPORTUNIDADE.-**

O feito de que as dotacións que son obxecto do presente convenio, constitúen un equipamento necesario para o concello de Beariz e a concorrencia dos obxectivos de ámbalas dúas administracións asinantes para dar solución ás carencias de equipamento citadas, aconsella a subscrición deste acordo, para levar a efecto as actuacións necesarias para a execución das obras e a súa posta a disposición do uso público.

Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación. A competencia para o desenvolvemento destas actuacións, está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería *“A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial”*.

## **3.- OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.-**

A finalidade do convenio é establecer as bases de actuación das partes asinantes, regular as obrigas que cada unha asume e establecer o marco xurídico-administrativo das súas intervencións.

Co desenvolvemento das cláusulas convidadas chegarase a execución das obras necesarias para conseguir que o concello de Beariz dispoña de espazos públicos acondicionados, en condicións axeitadas para a prestación do servizo público. Con iso conseguirase unha maior calidade de vida da poboación residente e da sociedade en xeral.

Por todo isto, ó considerar debidamente xustificada a necesidade das actuacións previstas, propónse a sinatura dun convenio de colaboración entre este departamento e o concello de Beariz e, a través do mesmo, dar cumprimento os fins propostos.





#### 4.- MEMORIA ECONÓMICA

O convenio, implica a asunción dunha obriga económica para a Facenda autonómica de **cento setenta e sete mil seiscientos oitenta e un euros con corenta céntimos (177.681,40 €)**, coa seguinte estrutura de gasto:

| Concepto                                                                     | Importes en euros<br>(con IVE) |
|------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------|
| Execucións de obra                                                           | 154.822,33 €                   |
| H. de dirección de Obra                                                      | 2.732,16 €                     |
| Honorarios de dirección de execucións de obra e coord. de Seguridade e Saúde | 2.732,16 €                     |
| Honorarios de coord. de Seguridade e Saúde                                   | 1.366,08 €                     |
| <u>Subtotal</u>                                                              | <u>161.652,73 €</u>            |
| 10% Previsión para cert. final obra ( estimado)                              | 15.482,23 €                    |
| 10% Hon. Cert. Final (estimado)                                              | 273,22 €                       |
| 10% Hon Dir. Exec. Obra (estimado)                                           | 273,22 €                       |
| Subtotal para cert. Final (estimado)                                         | 16.028,67 €                    |
| <b><u>Total</u></b>                                                          | <b><u>177.681,40 €</u></b>     |

En consecuencia, segundo o disposto na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, require a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

